

# A AVENTURA

Michelangelo Antonioni, 1960

# 1736

ESTREA EN NUMAX: 04.05.2026 | V.O.S.E. | 145 min

Anna, unha rica moza romana, o seu mozo e Claudia, a súa mellor amiga, embárcanse nun cruceiro estival entre as escarpadas illas sicilianas.

A sesión, incluída na Carta Branca a Ángel Santos, será presentada polo director pontevedrés.



## A aventura continúa

*A aventura* (1960), de Michelangelo Antonioni, forma o primeiro chanzo dunha triloxía esencial que completaría *A noite* (1961) e *O eclipse* (1962) para sentar as bases da modernidade cinematográfica socavando algúns dos piares do cine clásico para poñer, ao fin, a dialogar ao cine coas preocupacións e asuntos do seu tempo e, moi especialmente, para abri-lo a un camiño de experimentación lingüística que o emparentaba definitivamente coa idade adulta doutras correntes e disciplinas da arte contemporánea. O xurado do Festival de Cannes de 1960 soubo apreciar nela "unha nova linguaxe cinematográfica e a enorme beleza das súas imaxes", motivos máis que suficientes para concederlle o seu Premio Especial a unha película que sufriu na súa xestación numerosos contratemplos, que, en certa forma, ían quedar rexistrados nas súas imaxes (abertas ao azar, á improvisación, ao continxente, non necesariamente suxeitas a un relato pechado) como mostra desa idea de que todo filme moderno é, en certa forma, un documental sobre a súa propia rodaxe.

Se ata ese instante da súa carreira Antonioni bosquexara unha filmografía (*Crónica dun amor*, *Os vencidos*, *A dama sen camelias*, *As amigas*, *O berro*) que tentaba desmarcarse do Neorrealismo cunha voz privada a través do retrato da burguesía diluíndo as claves do melodrama, *A aventura* viña dinamitar as expectativas dramáticas do cinema clásico (aquí as do cinema policial e as súas dinámicas investigadoras) socavando un dos seus principios fundamentais, a lóxica causal que determina a progresión narrativa dos acontecementos nun arco previamente establecido polo que o espectador había de transitar sempre ben orientado e cara a un final concluínte.

*Crónica dunha desaparición* (a dunha muller, Anna) e dunha errancia (a dos seus acompañantes, que abandonan a súa procura para reiniciar outra improbable historia de amor), relato ambiguo e labiríntico dunha bifurcación e un desdoblamento (o da carnal e morena Lea Massari na xélida e loura Monica Vitti), cartografía da disolución dos sentimentos, *A aventura* ábrese ao misterio dunha renovada paisaxe con figuras para situarnos ante unha nova lóxica cinematográfica protagonizada pola xeometría do plano, sometido a novas tensións plásticas, rigoroso e fermoso trasunto dun extravío e un estrañamento que contaxian aos personaxes desta historia sen rumbo certo que expón máis interrogantes ca respostas.

Antonioni confronta as súas criaturas á desolada paisaxe mineral (fotografado en branco e negro cunha nitidez e unha profundidade de campo que enchen literalmente o ollo) das illas Eolias, ás formas arquitectónicas espidas e baleiras (De Chirico) da cidade de Taormina, facendo presente o tempo na súa duración, inscribindo a subxectividade na mesma posta en escena, que se converte na verdadeira e auténtica protagonista dun filme ao que a época non soubo ver en toda a súa grandeza, quedando reducido a obxecto temático para o debate moral sobre a incomunicación, o baleiro existencial e outros asuntos propios do cineclubismo e a crítica daqueles días.

Cincuenta anos despois, *A aventura* resiste poderosa a contaminación dos discursos críticos máis abstrusos e as interpretacións máis partidistas (do existencialismo á psicanálise), e segue sendo unha película de referencia para entender a cineastas contemporáneos tan aparentemente distintos como Wim Wenders (*O estado das cousas*), Jia Zhang-ke (*Natureza morta*), Wong Kar-Wai (*In the Mood for Love*) ou Nuri Bilge Ceylan (*Os climas*). Tal é a forza e o rigor das súas imaxes, o fascinante desconcerto que nos produce a súa deriva, o inquietante silencio e a dor xorda que emana duns planos cincelados coa mirada mestra dun verdadeiro artista.